

Manual de eXeLearning

Manual eXeLearning

Que é eXeLearning?

eXeLearning é unha ferramenta de código aberto (open source) que facilita a creación de contidos educativos de xeito sinxelo, sen necesidade de ser un experto.

Deberemos instalar a aplicación eXeLearning no ordenador, hai versións para Windows, Mac e Linux, e podes empregar o navegador que desexes (Safari, Chrome, Mozilla...)

Todo contido publicado en Internet e poida ser compartido, podemos incluílo nos nosos contidos de eXeLearning.

Pode conter texto, imaxes, videos, audios, animacións , recursos web 2.0.

Non debemos esquecer a atribución ou licenzas de autor, xa que compartimos gañamos tod@s!!

O uso doado de eXeLearning fai que se poidan reproducir os seus contidos, tanto nun ordenador local coma na web de xeito sinxelo.

Pódese exportar en formato HTML, HTML5, SCORM1.2, SCORM2004, IMS, ePub3 e outros formatos.



[<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/deed.es>](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/deed.es)

Estes contidos foron traducidos por Reyes Montero para o CFR de Ferrol no 2021

Está baixo unha **licenza de Creative Commons Recoñecemento-NonComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional** [<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/deed.es>](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/deed.es) .

Obxectivos deste módulo

1. Coñecer a instalación do eXeLearning nos diferentes sistemas operativos.

2. Coñecer as principais características da contorna de traballo no eXeLearning.
 3. Ser capaz de crear un proxecto con esta ferramenta empregando as funcións básicas.
 4. Coñecer os diferentes estilos ofrecidos por eXeLearning.
 5. Exportar no formato SCORM1.2 para incorporalo as nosas Aulas Virtuais ou EVA-Edixgal
-

Pasos a seguir para crear unha secuencia didáctica en eXeLearning

O eXeLearning é unha ferramenta gratuita, de código aberto, dispoñible no exelearning.net <<https://exelearning.net/>> para os sistemas operativos:

1. GNU/Linux
 - Debian/Ubuntu 20.04+ (Snap)
 - Debian/Ubuntu
 - Fedora/Redhat
 - Versión portable (Linux)
 - eXe Labs: Launchpad PPA (Linux)
 - Código fuente para la generación de paquetes (disponible en GitHub)
2. Microsoft Windows
 - Versión instalable
 - Versión autoejecutable (ready2run)
 - Versión portable (Windows)
3. Apple
4. macOS

eXeLearning permite crear un menú navegable para organizar os contidos en páxinas (Temas, Unidades, Seccións...).

Este menú ten unha estrutura xerárquica que podemos organizar según as nosas necesidades, cos nodos e sub-nodos que precisemos.

O menú estará dispoñible ao exportar o contido creado, tanto como sitio web coma se o publicamos na Aula Virtual (Moodle) ou no EVA-Edixgal.

Podemos insertar todo tipo de materiais empregando **bloques de contidos chamados iDevices**.

No editor de iDevices **"Texto"** e **"Tarefas"** podemos incluír e formatear textos, engadir imaxes, subir vídeos e audios, e embeber contidos creados con outras ferramentas: vídeos de YouTube ou materiais publicados en H5P, Genially, SlideShare, Vimeo , Issuu.

Finalmente podemos escoller o estilo entre os dispoñibles ou crear un estilo personalizado.

Respecto á **organización de contidos**, recomendamos por:

1. Comezar por unha **actividade de motivación**, reflexión ou mobilización de coñecementos previos, coma preparación para realizar as tarefas posteriores.
2. **Presentar as tarefas a realizar**, coa explicación correspondente, facilitando enlaces a documentos ou a webs para a busca de información ou consulta, **ferramentas TIC necesarias** para a realización das tarefas (con vínculo a un manual ou titorial). É fundamental un instrumento de avaliación das tarefas, que servirá tamén coma guía para o alumnado.
3. Engadir **actividades de reflexión** ao longo do proceso de aprendizaxe, para asimilar mellor os contidos e potenciar a competencia de aprender a aprender.

Podemos enriquecer a nosa secuencia didáctica con actividades interactivas que sirvan de autoavaliación ao alumnado.

Algunhas destas actividades deixan pegada no Moodle, polo que se poden empregar para calificar.

Tamén se poden engadir outros iDevices (contidos) coma a Rúbrica.

Unha vez rematada a secuencia didáctica, podemos exportala en diferentes formatos, en función do que necesitemos ou queiramos facer co contido.

1. **Gardar este contido** eXeLearning no noso PC, nunha memoria USB ou nun almacenamento externo , ou ben envialo ao alumnado para a súa consulta.
2. **Subilo a unha plataforma coma a Aula Virtual (Moodle) ou EVA-Edixgal.**
3. **Publicalo** nunha web ou blogue.

Apoio visual

<Contido_DUA.mp4>






Lee con atención os apartados deste manual, que te guiarán paso a paso na creación de contidos co eXeLearning ou visita o sitio educalab.es [<http://descargas.educalab.es/cedec/exe_learning/Manuales/manual_exe26/>](http://descargas.educalab.es/cedec/exe_learning/Manuales/manual_exe26/)

Instalación

No Sistema Operativo Windows

Paso 1.- Descargamos no sitio <http://exelearning.net/descargas> a versión axeitada ao noso sistema operativo, neste caso Windows. Trátase da versión 2.6.



Paso 2.- Garda o ficheiro no teu ordenador.


Paso 3.- Instala o paquete que acabas de descargar, facendo dobre clic sobre o ficheiro *.exe e arrancará o xestor da instalación.

Paso 4.- Ao rematar o proceso de instalación aparecerá un acceso directo ao eXeLearning no teu menú "Inicio"

Paso 5.- Ao executar o eXeLearning por primeira vez, aparece a fiestra de preferencias onde podemos escoller o idioma e o navegador web favorito co que desexamos traballarllo (Chrome, Mozilla, Edge...).

A partir da versión 7, o eXeLearning empregará o navegador predeterminado do voso equipo (Firefox, Chrome, Safari, Opera...).

No caso de que non queirades que se mostre esta pantalla de novo, desmarcades a caixa.



Lembramos **GARDAR** os cambios, e con isto xa teremos instalado o eXeLearning e configurado o idioma.

No Linux

Descargamos en <http://exelearning.net/descargas> <<http://exelearning.net/descargas>> a versión axeitada ao noso Sistema Operativo, neste caso o Linux.

Paso 1.- Descarga o executable.




Paso 2.-Garda o instalable no teu disco duro

Paso 3.- Instala o paquete descargado. Fai dobre clic no ficheiro ***.deb** e abrírase o xestor de instalación (gdebi, synaptic, centro de software ubuntu...)

Paso 4.- Ao rematar o proceso de instalación, crease un acceso directo dentro do menú **Educación**.


Paso 5.- Ir ao menú Ferramentas, escoller a opción "preferencias" e seleccionar o idioma.



Premer en **ok** e xa estará instalado e configurado o idioma no voso equipo.

No equipamento EDIXGAL, este paquete de eXeLearning xa está instalado.

Paso 1.- Ir á páxina web <http://exelearning.net/descargas> e descargamos o instalable para o noso equipo Apple.




Paso 2.- Gardar o ficheiro instalable no noso disco duro.

Paso 3.- Pinchar no ficheiro *.dmg e na fiestra que se abre , arrastrar a icona do eXe ao cartafol "Aplicacións"

Paso 4.- Ao rematar o proceso eXeLearning, estará listo para ser empregado no cartafol "Aplicacións"

Paso 5.- Ir ao menú ferramentas e escoller a opción ferramentas para configurar o idioma.



Prememos en OK e xa estará instalado e configurado o idioma desexado.


Contorna de traballo

Contorna de traballo

Ao abrir a aplicación eXeLearning atoparemos 4 zonas ben diferenciadas.

1. Estrutura: onde crearemos os índices dos nosos contidos.
2. Menú principal: aquí xestionaremos os ficheiros, a impresión, exportación, estilos, preferencias e axuda.
3. iDevices: Diferentes actividades a inserir nos contidos xerados.
4. Área de traballo: Na lapela autoría podemos ver os contidos creados e en propiedades engadir os metadatos referentes ás nosas creacións.

Na seguinte imaxe podemos ver a distribución destas catro zonas de traballo.



Video tutorial sobre a controna de traballo en eXeLearning

Reyes Montero. *Video tutorial sobre a contorna de traballo en eXeLearning* (CC BY-SA <<http://creativecommons.org/licenses/?lang=gl>>)


Estrutura

Estrutura

Coas ferramentas que atopamos no bloque “estrutura” podemos crear a nosa “árbore de contidos”.

Se temos uns contidos extensos, podemos estruturalos en Temas, Seccións e Unidades , para que sexan máis comprensibles e accesibles ao alumnado.

Ao comezar un novo proxecto de eXeLearning atoparemos o nodo chamado “Inicio” do cal colgarán todos os contidos, a este nodo o chamaremos “nodo pai”



A icona  serve para ocultar o panel lateral, e dispoñer de máis espazo para o editor de contido.

<https://www.youtube.com/embed/DuhK73HtnSU>

CEDEC <youtu.be/DuhK73HtnSU> . Crear estrutura de contidos (CC BY <<http://creativecommons.org/licenses/?lang=gl>>)

Subir/Baixar /Mover un nodo.

As frechas "subir" e "baixar" un nodo ou nivel na xerarquía, e " mover un nodo cara arriba ou abaixo" son uns botóns que atoparemos na parte inferior do bloque "estrutura". Con estes boóns podemos aumentar ou diminuir a importancia dunha páxina e cambiarlle a orde.



No seguinte video de CEDEC , explica como reordenar unha estrutura de nodos.

<https://www.youtube.com/embed/UOG71IbmdJ0>

CEDEC. *Reordenar estrutura de nodos* (<<https://youtu.be/UOG71IbmdJ0>> (CC BY <<http://creativecommons.org/licenses/?lang=gl>>)

Menú principal

Barra de ferramentas "Menú"

No **menú principal** de eXeLearning atopamos unha serie de opcións necesarias para facer as tarefas de *abrir, gardar, imprimir, exportar, crear, importar, seleccionar, estilos*, e tamén as opcións "**modo avanzado**" e **visualización previa**".



Co "**modo avanzado**" activado, móstranse máis opcións nos menús Ficheiro e Ferramentas.

Facendo clic e "**previsualización**" obtemos unha vista preliminar do noso contido, tal e como quedaría exportado a un sitio web. Podemos previsualizar o resultado cada vez que engadimos un novo contido, para observar como quedan os cambios.

No menú "**axuda**", atopamos tutoriais e manuais de usuario de eXeLearning, notas da versión que temos instalada, e enlaces ao sitio web e aos foros [eXeLearning.net](https://exelearning.net) [<https://exelearning.net/forums/>](https://exelearning.net/forums/) onde podemos realizar preguntas, notificar erros e solicitar novas funcionalidades.

Menú "Ficheiro"


No menú "**ficheiro**", co modo avanzado activado, dispoñemos das seguintes opcións:

Novo:

- **Proxecto**: abre un novo ficheiro de eXeLearning baleiro.
- **Ventá**: abre unha lapela nova, con unha nova instancia de eXeLearning.
- **Plantilla**: abrimos unha plantilla nova.

No menú "**Abrir**", atoparemos na parte superior botóns con acceso directo ao noso **cartafol persoal, documentos e escritorio**. Na esquerda móstrase a árbore de cartafols do noso ordenador, e no centro os cartafols e ficheiros existentes no cartafol seleccionado.

Facendo dobre clic en calquera ficheiro con extensión ***.elp**, abrirá a aplicación eXe.



Proxectos recentes: mostra a lista dos 5 últimos proxectos de eXe cos que traballamos.

Gardar como: empregaremos para gardar o noso proxecto eXeLearning por primeira vez.

Gardar: para ir gardando os cambios no proxecto no que estamos a traballar, cando este xa ten nome e foi gardado por primeira vez.

Plantillas

Gardar coma plantilla: empregaremos para gardar coma un formato previo, un contido de eXeLearning no que estamos traballando.

Xestionar plantillas: Repositorio de plantillas que xa empregamos ou creamos.

Imprimir / Sair

Imprimir: eXeLearning permite imprimir os contidos creados. Tamén podemos realizar a impresión a formato *.PDF

Saír: empregaremos esta opción para saír da aplicación, xa que no caso de non ter gardados os últimos cambios, preguntaranos se queremos gardalos.

Exportar e Importar

Exportar

Estándar educativo: permite exportar os contidos xerados a diferentes formatos para despois poder integralos en diferentes soportes ou contornas de aprendizaxe.

- **IMS:** esqueleto de especificacións que axuda a definir variados estándares técnicos, incluíndo materiais de e-learning. Este formato permite almacenar os contidos nun formato estándar que pode ser reutilizado en diferentes sistemas sen necesidade de converter ditos contidos a outros formatos.
- **SCORM:** permite crear obxectos pedagóxicos estruturados. **Para empregar os contidos creados con eXeLearning nas nosas Aulas Virtuais e EVA-Edixgal exportaremos no formato SCORM 1.2**
- **IMS CC:** é outro formato para empaquetar contidos dixitais.

Sitio web:

- **Cartafol auto contido:** serve para exportar o proxecto a un conxunto de páxinas web interrelacionadas según a estrutura que temos creada. Xera un sitio web completo e navegable.
- **Ficheiro *.zip:** permite exportar o contido a un ficheiro comprimido con extensión *.zip, que conterá todos os ficheiros *.html e o resto dos recursos que forman o contido. Ao descomprimir este ficheiro zip obtemos un contido navegable con un navegador semellante ao do cartafol auto-contido.
- **Páxina HTML única:** con esta opción obtemos un contido nabegable coma unha web, que mostrará a estrutura ou árbore de contidos.

Ficheiro de texto plano/ XLIFF: exportando con este formato conseguimos un ficheiro de texto *.txt de todo o contido, e un ficheiro *.xliff para realizar tarefas de traducción de contidos.

ePub3 : o formato EPUB é un estándar para lectores de libros electrónicos. Estes contidos non están definidos para un tamaño de páxina fixo, senón que se adapta ao tamaño da pantalla onde se visualiza.

Exportar páxina actual como *.elp: permite extraer contidos da páxina actual a un novo ficheiro *.elp de exelearning.

Importar

Insertar un *.elp na páxina actual: esta opción permite incorporar un ficheiro realizado con eXeLearning noutro contido diferente.

Importar: HTML/Ficheiro XLIFF: con estas opcións podemos importar ficheiros XLIFF.


Metadatos: permite importar metadatos en formato LOM e LOM-ES) incluídos noutras exportacións, opción para usuarios avanzados.

Utilidades

Preferencias


Aquí dispoñemos de dúas lapelas

1. **Configuración xeral:** onde seleccionamos o idioma e o navegador por defecto que imos empregar para traballar con eXeLearning.



2. **Avanzado:**

- **Formato predeterminado para documentos novos :** HTML5 ou XHTML. Permite escoller en que formato crearemos os nosos novos ficheiros por defecto.
- **Modo do editor:**
 - **Permisivo ou extricto:** o editor aceptará calquera tipo de código e non eliminará ou modificará aquel contido que non cumpla os estándares HTML5 ou XHTML seleccionado.
 - **Uso de enlaces internos:** solo sirve para exportacións a sitios web, xa que permite crear enlaces entre as diferentes páxinas . **Noutros modos de exportación, estes enlaces non funcionarán.**



Visualización previa

Con esta opción podemos **pre-visualizar en formato HTML** os contidos creados en eXeLearning, o mesmo que no botón da parte superior dereita.

Lembra que..... isto é unha previsualización, para compartir o **traballo debemos gardalo e exportalo no formato desexado**.

Editor de iDevices

Aquí atoparemos as ferramentas necesarias para crear, exportar e importar novos iDevices.

Informe sobre recursos

Crea un ficheiro CSV onde están rexistrados todos os elementos e ficheiros contidos no proxecto de eXeLearning que estamos xerando. Opción orientada a grandes proxectos e creadores avanzados.

Actualizar pantalla

Con esta opción realizaremos a actualización da pantalla da nosa contorna de traballo.

Estilos

Estilos

Neste apartado do menú principal de eXeLearning podemos modificar a aparencia que terán os nosos contidos.


Para iso despregamos o menú **"Estilos"** e marcaremos a opción de estilo desexada entre os dispoñibles.

Debemos ter en conta, que **dependendo da opción que escollamos para exportar, o aspecto tamén vai a variar** con respecto a previsualización, esta so se mostra en formato HTML (páxina web estándar).

Todas as exportacións realizadas, co estilo incluído , teñen a opción **"responsive design"** adaptándose así ao tipo e tamaño do dispositivo no que se vai a visualizar.

Xestor de Estilos

No xestor de estilos, podemos acceder ao banco de estilos, importar un estilo que teñamos no noso ordenador ou crear un novo estilo coa ferramenta de deseño de estilos.



Tamén podemos visualizar aqueles estilos que temos implementados na nosa aplicación eXeLearning, e podemos exportalos.

Os estilos Base, Docs e os seus derivados, terán activado o editor para modificalos ao noso gusto.

Banco de Estilos

Ao facer clic no banco de estilos, móstrase un listado dos estilos dispoñibles.

So temos que escoller un e importalo. Mostrarase o nome dos autores , a licenza, se é de ancho fixo, as cores predominantes e un enlace á descripción completa na web.

Se queremos instalalo ou actualizar o estilo que xa temos, faremos clic no botón "importar estilo"




Importar / Crear estilo

- **Importar:** permite importar un estilo xa creado nun ficheiro comprimido tipo *.zip.
- **Crear novo estilo:** Permite crear un estilo eXeLearning personalizado a partir do estilo "Base", con diferentes cores, imaxes de fondo, de cabeceira, tipo de letra...


Unha vez creado un novo estilo, podemos gardalo cun novo nome e a continuación poderemos atopalo no menú de estilos.

Se desexamos partir doutro estilo existente, podemos editalo e modificalo ao noso gusto e gardalo cun novo nome. Isto so é posible con determinados estilos editables.


Algunhas previsualizacións de diferentes "ESTILOS"




Estilo por defecto (CC BY <<http://creativecommons.org/licenses/?lang=gl>>)




Estilo Base (CC BY <<http://creativecommons.org/licenses/?lang=gl>>)




Estilo DOC (CC BY <<http://creativecommons.org/licenses/?lang=gl>>)




Estilo CEDEC (CC BY <<http://creativecommons.org/licenses/?lang=gl>>)



Estilo INTEF (CC BY <<http://creativecommons.org/licenses/?lang=gl>>)



Estilo PRESENTACIÓN (CC BY <<http://creativecommons.org/licenses/?lang=gl>>)



 [Menú](#) 

Manual eXeLearning

Contorna de traballo

Tema 2

Tema 3

Manual eXeLearning

 Licenciado baixo a [Licenza Creative Commons](http://creativecommons.org/licenses/?lang=gl)
[Recoñecemento Compartir igual 4.0](http://creativecommons.org/licenses/?lang=gl)



Estilo UDL (CC BY <<http://creativecommons.org/licenses/?lang=gl>>)

iDevices

Os iDevices son elementos que nos permiten engadir diferentes tipos de contidos e actividades.

Para acceder á xestión completa de todos os iDevices deberemos ter habilitado o "**Modo avanzado**"

Os iDevices están organizados por categorías, dependendo da acción ou presentación que realicen;

- **Texto e tarefas:** iDevices que funcionan coma un editor de texto e outras funcións.
 - **Actividades interactivas:** permiten ao usuario interactura directamente co obxecto.
 - **Xogos:** actividades dirixidas especialmente aos xogos de aprendizaxe.
 - **Outros:** ficheiro fonte, galería de imaxes, rúbricas...
-

Agrupar/Desagrupar iDevices

Este botón permitirá mostrar os iDevices por categorías ou ordenalos alfabeticamente.

<https://www.youtube.com/embed/mDgFDaHgPYg>

CEDEC_INTEF. *Mostrar e ocultar iDevices en eXeLearning*
<<https://youtu.be/mDgFDaHgPYg>> (CC BY
<<http://creativecommons.org/licenses/?lang=gl>>)

iDevice "Texto" con enlace, imaxe e video

iDevice "Texto"

Este é o iDevice de maior emprego, xa que permite engadir contido mediante un editor de textos. Empregaremolos para realizar exposicións sobre un tema e presentar os contidos.

Neste editor do texto central, introduciremos o noso contido (texto, imaxe, videos, enlaces....)

Opcional;

- **Título**
- **Icona** a escoller entre as dispoñibles
- **Retroalimentación** que se desprega ao facer clic no botón que aparece.

Ver retroalimentación

Unha vez que rematamos de engadir contido, clicamos no botón  para ver o resultado

Este contido móstrase ao engadir retroalimentación e clicar no botón.

Ver retroalimentación

Apariencia



Texto

Título do iDevice "Texto"

Icona

Este é o iDevice de maior emprego, xa que permite engadir contido mediante un editor de textos. Empregaremos para realizar exposicións sobre un tema e presentar os contidos.

Neste editor do texto central, introduciremos o noso contido (texto, imaxe, videos, enlaces....)

Opcional;

Contido textual

- Título
- Icona a escoller entre as dispoñibles
- Retroalimentación que se desprega ao facer clic no botón que aparece.

Unha vez que rematamos de engadir contido, clicamos no botón para ver o resultado

Ver retroalimentación

Botón retroalimentación

Engadir un iDevice texto é enlace a un sitio web

https://www.youtube.com/embed/i_XD1SzimAk

CEDEC_Intef <https://youtu.be/i_XD1SzimAk> . *Crear un enlace a unha web con eXeLearning* <https://youtu.be/i_XD1SzimAk> (CC BY <<http://creativecommons.org/licenses/?lang=gl>>)

Engadir unha imaxe

<https://www.youtube.com/embed/FR1pIlazvXs>

CEDEC_Intef <<https://youtu.be/FR1pIlazvXs>> . *Insertar unha imaxe en eXeLearning* <<https://youtu.be/FR1pIlazvXs>> (CC BY <<http://creativecommons.org/licenses/?lang=gl>>)

Engadir un video

https://www.youtube.com/embed/hwec_nKNCTQ

CEDEC_Intef <https://youtu.be/hwec_nKNCTQ> . *Insertar un video en*
eXeLearning <https://youtu.be/hwec_nKNCTQ> (CC BY
<<http://creativecommons.org/licenses/?lang=gl>>)

iDevice "Tarefa"

Tarefa

O iDevice "Tarefa" ten unha aparencia semellante ao idevice texto, ademáis podemos engadir a duración da tarefa, e o agrupamento necesario .

Proposta de Tarefa

Duración: 10

Agrupamento: Grupo de 10 participantes

A estas alturas xa terás instalado o eXeLearning no teu ordenador, e tamén leído o contido presentado neste manual, así que estás preparado para crear o teu propio contido.

1. Escolle un tema para o teu contido, relacionado coa materia que estás impartindo na aula.
2. Engade unha pequena estrutura (Tema, Sección, Unidade).
3. Escolle unha das seccións e preme no iDevice "Texto"
4. Escribe un pequeno texto de 3 liñas .
5. Pon un título.
6. Engade unha icona.
7. Engade unha imaxe (lembra engadir a descripción da mesma e a atribución ou licenza).
8. Engade un video de youtube (lembra engadir a descripción do mesmo e a atribución ou licenza).
9. Lembra gardar 

Moi ben, xa creache o teu primeiro contido.

Contido DUA

Exemplo de contido DUA

O iDevice "**Contido DUA**" permite engadir contidos seguindo os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA). Funciona en todos os estilos, aínda que o máis axeitado é o estilo DUA, xa que contén iconas e cores que permiten obter maior funcionalidade.

Opcionalmente podemos engadir:


- Un título
- Unha icona a escoller entre as dispoñibles para o estilo seleccionado (o estilo DUA é o que máis iconas ofrece)
- Un apartado de retroalimentación.

Para engadir contido neste iDevice, temos moitas posibilidades:

- Escollemos o tipo de contido a insertar de acordo á clasificación DUA; Implicación , Comprensión ou Expresión. Nalgúns estilos, o tipo de contido diferenciarase doutro pola cor asociada.



- A continuación , podemos engadir tantos bloques como desexemos, por defecto aparece só un, e engadir máis facendo clic na icona +



- En cada bloque de contido, ofrece diferentes posibilidades:
 - Debemos decidir se queremos que o contido apareza directamente(entón deixamos baleiro o campo "texto do botón"), pola contra, se queremos que o contido apareza contraído e se expanda ao facer clic nun botón, nese caso teremos que poñer un texto no botón.
 - Na caixa do contido aparecen 4 lapelas, nas que podemos engadir o mesmo contido en formatos diferentes para facilitar a comprensión por parte do alumnado.
 - Contido principal, onde engaddirmos o contido , este é obrigatorio.
 - Lectura facilitada
 - Audio
 - Apoio visual

Tipo: ☐ Implicación ☒ Comprensión ☐ Expresión

1

Texto do botón:

☐ Texto do botón ☐ Caracter 1 ☐ Caracter 2 ☐ Caracter 3 ☒ Caracter 4

Apoio visual

<<https://www.youtube.com/embed/iqk-RiBVrkY>>

<https://www.youtube.com/embed/iqk-RiBVrkY> <<https://www.youtube.com/embed/iqk-RiBVrkY>>

Video explicativo de como crear unha secuencia didáctica con eXeLearning.

Este apoio visual, aparece ao premer na icona



situada abaixo á dereita.

Apoio visual


<Contido_DUA.mp4>

Reyes Montero Vale. *Creación de contido DUA* (CC BY-SA
<<http://creativecommons.org/licenses/?lang=gl>>)

Nunha secuencia didáctica, pode engadirse apoio visual, en forma de video ou imaxe, se hai dito apoio, aparece abaixo á dereita unha icona semellante a esta , ao premer nela aparecerá a imaxe.

Apoio visual

Esta imaxe mostra como podería ser a aparencia dun contido DUA



O contido DUA , na terceira lapela, ofrece a posibilidade de engadir audios, incluso gravalos directamente aquí.



O audio aparecerá premendo na icona que aparece abaixo á dereita.

Audio

<1640784137214gr4zvg91xe.webm>

Engadir unha lectura ao noso contido DUA.

Esa lectura aparecerá ao premer na icona



que aparece abaixo a dereita.

Lectura facilitada

Que é o eXeLearning?

eXeLearning é unha ferramenta de código aberto (open source) que facilita a creación de contidos educativos de xeito sinxelo, sen necesidade de ser un experto.

Deberemos instalar a aplicación eXeLearning no ordenador, hai versións para Windows, Mac e Linux, e podes empregar o navegador que desexes (Safari, Chrome, Mozilla...)

Todo contido publicado en Internet e poida ser compartido, podemos incluílo nos nosos contidos de eXeLearning.

Pode conter texto, imaxes, videos, audios, animacións , recursos web 2.0.

Non debemos esquecer a atribución ou licenzas de autor, xa que compartimos gañamos tod@s!!

O uso doado de eXeLearning fai que se poidan reproducir os seus contidos, tanto nun ordenador local coma na web de xeito sinxelo.

Pódese exportar en formato HTML, HTML5, SCORM1.2. SCORM2004, IMS, ePub3 e outros formatos.

Actividades interactivas

Permite incluír unha tarefa creada co software matemático **Geogebra**
<<https://www.geogebra.org/>>

Propón ao alumna un texto cunha lista de posibles cadeas de palabras que deberán ser seleccionadas.

Propón unha ou varias preguntas tipo test ao alumno. É semellante ao iDevice "Pregunta de elección múltiple", pero permite a comunicación cun LMS en Moodle, obtendo datos do rastreo da actividade que indican se se aprobou ou non a proba.

Permite crear unha lista desordenada para ser ordenada polo alumno según a instrucción dada polo docente.

Propón unha ou varias preguntas tipo test ao alumno, cada unha das preguntas so pode ter unha resposta correcta.

Propón unha ou varias preguntas tipo test ao alumnado. Cada unha das preguntas pode ter máis dunha resposta correcta.

Propón unha ou varias preguntas que deberán ser respondidas con verdadeiro ou falso.

Actividade con un texto con espazos en branco que deberán ser completados polo alumnado. Inclúe a posibilidade de retroalimentación.

Esta actividade permite incluír diferentes actividades mentres visualizamos un vídeo.

Permite escoller en qué momento do vídeo queremos que se pause e apareza a pregunta ou actividade.



No momento de facer contidos, moitos de nós desexamos engadir contidos avaliativos (cuestionarios, actividades....)

Se desexades que se garden as cualificación cando incorporamos este contido na Aula Virtual ou EVA/Edixgal, estas son as actividades que permiten gardar as notas.

O cuestionario SCORM, podes poñer un único exercicio por páxina, con varias preguntas en cada exercicio, e so funciona se subes o contido a Aula Virtual con formato SCORM 1.2

As actividades de Geogebra poden gardar o resultado das actividades , opcionalmente e co modo avanzado activado.

A maioría dos xogos, opcionalmente no modo avanzado, gardan as cualificacións, agás Candado e Desafío.

Actividade despregable

Como crear unha "Actividade despregable"

Este iDevice servirá para propor ao alumno una frase ou oración con ocos, que deberá encher con unha palabra a escoller entre varias dunha lista despregable.

Cada palabra irá separada pola barra vertical (Alt gr +1) para aumentar as posibles respostas.

Pódese engadir cualificación e retroalimentación xeral.

Ao escoller o iDevice "Actividade despregable" do listado , abre o editor da mesma, e completaremos:

- O **título** da actividade
 - **Instruccions:** para que o alumnado realice a actividade.
 - **Texto:** será aquel que desexamos que o alumno complete, e escollemos a palabra ou palabra que queremos ocultar, facendo clic en ocultar/mostrar palabra.
-

Outras palabras

|illante térmico|condutor eléctrico|condutor térmico|semicondutor

Retroalimentación

Modificar ▾ Insertar ▾ Formato ▾ Táboa ▾ Ferramentas ▾

 **B** *I* Párrafo ▾ 12pt ▾ Atkinson Hy... ▾ A ▾ A ▾

Os materiais que non permiten o paso da corrente eléctrica ao seu través son illantes eléctricos, algúns exemplos son o plástico, o vidro, a cerámica, a madeira...

P

Exemplo de "Actividade despregable"

Lee e completa a seguinte afirmación:

Un material que non deixa pasar a corrente eléctrica ao seu través, chámase

Os materiais que non permiten o paso da corrente eléctrica ao seu través son illantes eléctricos, algúns exemplos son o plástico, o vidro, a cerámica, a madeira...

Actividade Geogebra

Como crear un iDevice Geogebra

Este iDevice permite incluír unha tarefa creada co software matemático Geogebra.

A actividade está aloxada nos servidores de Geogebra e o usuario só pode vela se ten conexión a internet.

No apartado instrucións, escribimos o texto coas instrucións para realizar a actividade.

No apartado "Configuración xeral" engadimos a dirección URL da actividade creada en Geogebra.

Tamén se pode definir o tamaño do visor.

No apartado "opcións avanzadas" hai máis opcións de visualización.

<https://www.youtube.com/embed/Xaj2HMAMuig>

Cedec_Intef. *Crear un iDevice de Geogebra en eXeLearning*
<<https://youtu.be/Xaj2HMAMuig>> (CC BY-SA
<<http://creativecommons.org/licenses/?lang=gl>>)

Exemplo de "Actividade Geogebra"

Resolve os exercicios e pulsa na opción correcta.

Autoría: **Javier Cayetano Rodríguez** <<https://ggbm.at/26836714>>

Actividade de encher ocos

Como crear unha actividade "encher espazos" (ocos)

Esta actividades é semellante á despregable, pero sen opcións para escoller, senón que o alumnado debe escribir nos ocos que faltan.

Actividade de encher espazos  Nome da actividade

Instrucións   Instrucións para o alumnado

Lea o parágrafo seguinte e escriba as palabras que faltan.

Texto para Espazos 

Modificar ▾ Insertar ▾ Formato ▾ Táboa ▾ Ferramentas ▾

 **B** *I* Párrafo ▾ 12pt ▾ Atkinson Hy... ▾  

Os metais clasifícanse en férricos e non férricos. Unha alixe é unha mestura homoxénea de 2 ou máis elementos químicos, on de a lo mentos un debe ser un metal  Texto no que hai que encher os ocos

 Seleccionar as palabras que queremos ocultar

P > U

Ver/Ocultar palabra

Marcación estrita? ☐  Comprobara maiúsculas/minúsculas? ☐  Marcación instantánea? ☐ 

Activamos estas caixas se queremos que a escritura sexa estrita e diferencie entre maiúsculas e minúsculas

Retroalimentación 

Exemplo de actividade de "encher espazos"

Lea o parágrafo seguinte e escriba as palabras que faltan.

Os metais clasifícanse en e . Unha é unha mestura de 2 ou máis elementos químicos, on de a lo mentos un debe ser un

Lista desordenada

Como elaborar unha actividade "lista desordenada"

Empregaremos este iDevice para que o alumnado ordene diferentes items, pulsando nas frechas que aparecen á dereita de cada item.

- Engadimos os items na orde correcta. O programa xa se encarga de desordenalas.
- Podemos engadir instrucións ao comezo da actividade.
- Tamén podemos engadir retroalimentación e cambiar o texto do botón.

Título:  Exemplo de lista desordenada

Instrucións:

Modificar ▾ Insertar ▾ Formato ▾ Táboa ▾ Ferramentas ▾

 **B** *I* Párrafo ▾ 12pt ▾ Atkinson Hy... ▾ A ▾ A ▾

Cedec_intef. *Crear un iDevice "lista desordenada" en eXeLearning*
<<https://youtu.be/PWd4EI5DkSo>> (CC BY-SA
<<http://creativecommons.org/licenses/?lang=gl>>)

Exemplo de lista desordenada

Ordena o percorrido dunha substancia dende que chega ao nariza ata que nos damos conta de que a cheiramos.

Nervios

Mucosa olfativa

Quimiorreceptor

Fosas nasais

Cerebro